

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de Xunta de Facultade ordinaria
19 de decembro de 2019**

Asistentes:**Equipo decanal**

Alonso Bacigalupe, Luis, decano
Galanes Santos, Iolanda, secretaria
Vicedecanas/os
Anaya Revuelta, Inmaculada
Del Pozo Triviño, M^a Isabel
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
Seijas Montero María

Sector (A) Profesorado

Agustín Guijarro, Javier de
Angueira Viturro, Anxo
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Báez Montero, Inmaculada C.
Baltrusch, Burghard
Becerra Suárez, M.^a del Carmen
Bueno Alonso, Jorge Luis
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Candelas Colodrón, Manuel A.
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Costas González, Xosé Henrique
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
García González, Marta
García-Miguel Gallego, José M.^a
González Álvarez, M^a Dolores
Lorenzo García, M^a Lourdes
Luna Alonso, Ana
Luna Sellès, Carmen
Miquel Vergés, Joan
Martínez Ínsua, Ana Elina
Montero Domínguez, Xoán
Montero Küpper, Silvia
Montero Reguera, José Francisco
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Rama Martínez, M^a Esperanza
Ramallo Fernández, Fernando
Ribao Pereira, Montserrat
Rifón Sánchez, Antonio
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Sánchez Trigo, M^a Elena
Soto Andión, Xosé
Sueiro Justel, Joaquín
Urdiales Shaw, Martín
Veiga Díaz, M^a Teresa
Yáñez Bouza, Nuria

Sector (B) Profesorado

Non asiste ningún representante

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, do 19 de decembro de 2019, ás 11.30 h en primeira convocatoria, e as 12 h en segunda convocatoria no salón de actos da FFT.

Ábrese a sesión ás 12.12 h.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (28/11/2019 e 3/12/2019).
2. Informe do decano.
3. Aprobación, se procede, dos informes individualizados da actividade docente realizada polo profesorado solicitante de avaliación docente na convocatoria de 2019 (RR 03/12/2019).
4. Aprobación de calendarios de presentación de TFG e TFM do curso 2019-2020.
5. Aprobación, se procede, de calendario para a elección de decano/a da FFT.
6. Rolda aberta de intervencións.

DELIBERACIÓNS

1. **Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (28/11/2019 e 3/12/2019)**

Apróbanse por asentimento as actas das sesións do 28/11/2019 e 3/12/2019.

1. Informe do decano

O decano dálle a **benvida** á Prof.^a Concepción Báez como directora do Departamento de Lingua Española.

O decano dá conta do **proceso electoral** para integrar a Xunta de Facultade polos sectores B,C e D. Unha vez proclamados os resultados, incorporaranse os novos membros na próxima sesión da Xunta de Facultade. Inclúese a nova composición deste órgano (sectores B, C e D) no anexo 1.

Premio Xela Arias da AGPTI. A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación acordou concederlle á Facultade de Filoloxía e Tradución o premio Xela Arias por destacar na promoción da tradución ou interpretación cara ou desde o galego. Este premio foi recollido o 1 de decembro pola profesora Ana Luna Alonso.

Sector (C) Alumnado

Bello Davila, Cristina
Carrillo Rodríguez, Lara

Sector (D) PAS

Amosa Mendoza, Esther
López González, Rosa María
Otero Rey, María Belén

Desculpas e ausencias xustificadas

Alonso Alonso, Rosa
Álvarez Lugrís, Alberto
Baxter, Robert Neal
Bermúdez Montes, M^a Teresa
Bringas López, Ana
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Corvo Sánchez, M^a. José
Cruces Colado, Susana
Cuevas Alonso, Miguel
Díaz Fouces, Óscar
Domínguez Castro, Luís
Ferreiro Vázquez, Óscar
Iglesias van der Woude, Miguel
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Martín Lucas, Belén
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Parada Diéguez, Arturo
Pérez Guerra, Javier
Quilis Sanz, M^a José
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Guerra, Alexandre
Suárez Briones, Beatriz
Yuste Frías, José

Ausencias sen xustificar

Andrés Iglesias, Jesús
Garrido Rodrigues, Carlos
Gamallo Valladares, Andrea
Gómez Clemente, Xosé M^a
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González Maestro, Jesús
Ledo Lemos, Francisco José
Llantada Díaz, M.^a Francisca
Marcos Vázquez, Juan Antonio
Navaza Blanco, Gonzalo
Nogueiras Justo, Francisco Manuel
Peres Rodrigues, José Henrique
Pérez Álvarez, Raúl Manuel
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Santos García, Mercedes
Seoane Posse, Elena C.
Solla González, Amparo
Souto Rodal, Tania
Torres Sotelo, Laura
Valado Fernández, Liliana

Horarios. O decano informa do peche da facultade na sesión de tarde desde o 26/12/2019. Ademais a partir de xaneiro haberá un novo horario de tarde para a cafetería, que pechará ás 19 h.

Calendario. O decano informa de que a data de inicio do 2º cuatrimestre pasa a ser o 28 de xaneiro por desprazamento da festividade de santo Tomé de Aquino ao 27/01/2020.

Obras. O decano informa de que se van colocar toldos para protexer do sol determinados espazos da FFT. Informa igualmente doutras obras en beirarrúas, vinilos, etc. así como da instalación dunha fonte de auga potable fría e quente no pavillón central.

Web. O decano informa de que se está a traballar para incluír as novidades da facultade na información pública

Sinatura de actas. O decano informa de que na Universidade de Vigo acaba de implantarse un novo procedemento de sinaturas que prevé que o peche da acta o faga de modo exclusivo o/a coordinador/a da materia cun sistema de seguridade que inclúe unha verificación a través de teléfono móbil. Habiouse un sistema alternativo para asinar desde un móbil institucional da Secretaría da Facultade, caso de que o/a responsable da materia rexeite recibir a clave de verificación no seu teléfono persoal.

Erasmus e Brexit. Seguindo as indicacións da ORI, hogano incluíuse o Reino Unido como destino Erasmus e continua o intercambio con universidades británicas en virtude dos acordos bilaterais. A vicedecana de Relacións Exteriores, M^a Isabel Del Pozo, engade que se inclúen varias prazas con intercambio de matrícula pero sen posibilidade de bolsa ERASMUS.

Reunión da Comisión de reforma do Grao CLEL. O decano informa de que na anterior reunión do 12/12/2019 co secretario xeral de Universidades da Xunta de Galicia os membros da FFT presentes expuxeron polo miúdo a proposta de reforma do grao saída da Comisión de reforma. Na proposta recóllense os saberes tradicionais para ser docente de linguas (1º ciclo), ao tempo que un segundo ciclo con materias máis innovadores, incluídas as prácticas. Esta proposta recibiu unha boa acollida e percíbese boa disposición da Xunta, especialmente no apartado de prácticas e empregabilidade. O decano agradece o traballo da comisión e a proposta dos posibles contidos dalgunhas das materias e valora positivamente a reunión con reitor, vicerreitor, directores de departamento e secretario xeral de Universidades. O Prof. José Montero engade que o documento está depositado en todas as direccións dos departamentos e afirma que se vai seguir o camiño encetado, que semella o adecuado.

Mestrado en ELE. O decano informa de que o 18/11/2019 houbo unha reunión en Santiago para artellar o devandito máster en

Veiga López, Daniel

colaboración coas outras universidades públicas do SUG. Nesa reunión participou unha representación do Depto. de Español (profesores Concepción Báez e Joaquín Sueiro) e máis o decano na idea de ofertar un mestrado interuniversitario. Ante os escasos avances, parece que a Universidade de Santiago se retira da organización dese mestrado interuniversitario. Polo momento non hai información oficial da vicerreitoría nese sentido, polo que cómpre agardar a ter novas da USC e da súa posición. O profesor Joaquín Sueiro intervéñe para engadir que dá a sensación de que a USC está adiando o traballo pois comprometéranse a dar unha resposta antes do Nadal, que non se produciu. O profesor José Montero afirma que USC xa presentara esa proposta anteriormente en dúas ocasións sen éxito. En todo caso, o decano informa de que a norma establece que a declaración de interese implica un avance na implantación do mestrado interuniversitario, sen prexuízo de que algunha das universidades do SUG non se adhira á proposta.

Graos abertos. O decano informa de que a semana pasada chegou información a este Decanato sobre os graos abertos. Os denominados graos abertos son unha proposta nova da Xunta de Galicia que existe unha serie de requisitos: 3 graos da mesma rama, con 90 créditos comúns, con táboas de recoñecemento amplas e oferta de 25 prazas adicionais. Afirma, con todo, que as condicións non están completamente definidas. Proponse a implantación desta iniciativa como programa piloto para o ano que vén. Nese caso, informa de que sería preceptivo ter en conta que hai prazos e que cómpre realizar unha declaración de interese. A decisión de que se sume a FFT debería tomarse antes do 31 de xaneiro de 2020. Ábrese unha quenda aberta de intervencións.

A profesora Elena Sánchez Trigo indica que sería interesante ver unha simulación da escolla de materias para facerse unha idea de cando e como se fai a docencia común. O Prof. Antonio Rifón pregunta se o alumnado se gradúa nun dos graos e pode ou non ter validacións e con qué nota para un segundo ou terceiro grao. O profesor Joaquín Sueiro pregunta se implica a ampliación de PDA como un novo grupo. A profesora Nuria Yañez pregunta cando se implantaría e se xa sería para o curso 2020-2021.

O decano responde que aínda hai moitos extremos por definir desta iniciativa piloto pero que en todo caso sería desexable que houbera unha boa táboa de equivalencias e que entende que se aumentaría a PDA sempre que houbera 25 estudantes novos/as. A implantación do proxecto piloto prevese para o curso 2020-2021. En todo caso, a decisión de sumarse a ese proxecto piloto implica emitir unha declaración de interese con prazos taxados.

Mención de Mestrados de excelencia. O decano informa de que se van seleccionar un máximo de 5 títulos de cada universidade como candidatos á mención de excelencia. Deses 15 títulos (até 5 por cada universidade do SUG) a Xunta seleccionará 6 títulos para concederlles tal distinción. Cada mestrado debe solicitar a mención

e para poder acollerse debe cumprir os seguintes requisitos: ser impartidos desde 2016/17, contar con demanda e recibir un mínimo de 90 puntos dun baremo de 110.

Ademais da solicitude de cada mestrado e da correspondente xustificación de méritos, a facultade debe escoller 2 dos títulos como candidatos a esa mención. A declaración de interese debe realizarse na primeira quincena de xaneiro. A universidade ten que ter a selección feita na primeira quincena de febreiro de 2020.

O beneficio da mención é conseguir un “selo de excelencia” e mais a posibilidade de financiamento por 5 anos, renovable.

Coordinacións de graos e mestrados. O decano expón que hai un problema sistemático coas coordinacións de grao por tratarse dun posto de escaso recoñecemento. Informa de que a profesora Nuria Yañez, coordinadora do Grao en Linguas Estranxeiras até a data, deixa tal coordinación. O decano agradécelle os servizos prestados e informa de que cómpre elixir ou nomear quen deteña a coordinación. Os Estatutos da Universidade de Vigo establecen que ten que ser escollido pola Xunta de Facultade e o preceptivo informe da Asesoría Xurídica sinala que hai que escoller coordinador. Informa igualmente de que hai unha iniciativa da Reitoría, aínda non materializada, para modificar as condicións das coordinacións de grao, cargo que será asimilable ao de secretario de Departamento cunha porcentaxe fixa de créditos de desconto (12,5% da docencia), que se complementarían coa bolsa de horas do centro. Abrirase proximamente un procedemento electoral para escoller coordinación de Grao de Linguas Estranxeiras.

3. Aprobación, se procede, dos informes individualizados da actividade docente realizada polo profesorado solicitante de avaliación docente na convocatoria de 2019 (RR 03/12/2019).

O decano le o nome das solicitudes de informe recibidas en Decanato. Apróbanse todas por asentimento.

4. Aprobación de calendarios de presentación de TFG e TFM do curso 2019-2020.

O decano explica que aínda que os calendarios non se aproban en Xunta de Facultade normalmente, nesta ocasión é necesario someter a decisión do calendario por ampliarse a data de entrega de actas até setembro de 2020. A decisión pendente sería optar por unha convocatoria en xuño e outra en xullo ou por xuño e setembro.

Para os graos apróbase por asentimento manter o calendario con xuño e xullo, coa proposta de acurtar os tempos entre depósito e defensa e de ampliar o período de defensa para facilitarlle a tarefa ao alumnado, por iniciativa das profesoras Sánchez Trigo e García González.

Para os mestrados, o Prof. Montero Domínguez propón que cada mestrado escolla o calendario con xullo ou con setembro segundo as súas características e matrícula. O decano indica que hai unha

decisión previa da Xunta de que todos os mestrados vaian no mesmo calendario.

En todo caso, faise necesario votar se se vai manter o calendario actual (xuño, xullo) ou ampliar a setembro.

Vótase cos seguintes resultados:

- Calendario actual (xuño_xullo): 31 votos a favor
- Calendario ampliado (xuño_setembro): 3 votos a favor
- Abstencións: 9

Apróbase, polo tanto, manter o calendario de xuño e xullo para TFGs por asentimento e tamén para TFM por maioría.

5. Aprobación, se procede, de calendario para a elección de decano/a da FFT.

Presenta o calendario anexo 2, que se aproba por asentimento

6. Rolda aberta de intervencións

A profesora Carmen Becerra quere agradecerlle ao equipo decanal o labor en tempos complicados de enganados, traizóns e mentiras e solicita que conste en acta o agradecemento ao decano e a todo o equipo por mantérense en funcións. Os profesores Lourdes Lorenzo e José Montero Reguera tamén se suman a este recoñecemento, que se acompaña dun aplauso da meirande parte dos e das asistentes.

ACORDOS:

- Apróbanse por asentimento as **actas** das sesións do 28/11/2019 e 3/12/2019.
- Acórdanse por asentimento os **informes** individualizados da actividade docente realizada polo profesorado solicitante de avaliación docente na convocatoria de 2019 (RR 03/12/2019).
- Apróbase manter o **calendario** de xuño e xullo para a presentación de TFGs por asentimento e tamén para TFM por maioría.
- Apróbase por asentimento o **calendario electoral** para a escoller decano/a da FFT

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.24 horas.

Vigo, 19 de decembro de 2019

Visto e prace do decano

A secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Iolanda Galanes Santos

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do *Regulamento Interno da FFT*, art. 43 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e art. 16 da *Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público*.

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 14 de xaneiro de 2020

A Secretaria da Facultade

Iolanda Galanes Santos

Anexo 1

**Composición da Xunta de Facultade sectores
B,C e D: Xunta de Facultade 19/12/2019**
(Punto 2 da orde do día)

Anexo 1: Composición da Xunta de Facultade sectores B,C e D

Profesorado - Sector B

López González, Rebeca Cristina
Pablo Romero Fresco
David Tizón Couto

Alumnado 1º, 2º e 3º ciclo - Sector C

María Bará Louro
Cristina Bello Davila
Cabanelas Freijeiro, Sabela Celia
Lara Carrillo Rodríguez
Iria Custodio Fabre
Vanesa Freire Armada
Andrea Gamallo Valladares
Francisco Jesús Gómez Carrera
Pedro Luis López Morillo
Carla Míguez Bóveda
Gelsys de la Caridad Morales Nico
Marinha Paradelo Veiga
Raquel Pereira Romasanta
Raúl Manuel Pérez Álvarez
Adriana Ribas Giadás
María Rubio Llarás
Aroa Vázquez Alonso
Daniel Veiga López
Aicha Villaverde Ríos
Alba Zels Garrido

Persoal de Administración e Servizos (PAS) - Sector D

María Rosa López González
Francisco Manuel Nogueiras Justo
María Belén Otero Rey

Anexo 2

**Calendario para a elección de decano/a
da FFT: Xunta de Facultade
19/12/2019 (Punto 5 da orde do día)**

Anexo 2: Calendario para a elección de decano/a da FFT

Calendario electoral (do 8 de xaneiro ao 18 de febreiro de 2020)

8 de xaneiro	Constitución da Xunta Electoral
9 de xaneiro	Exposición do Censo electoral provisional
10-14 de xaneiro	Prazo de reclamacións ao Censo electoral provisional no Negociado de Asuntos Xerais até as 14 h do 14 de xaneiro
15 de xaneiro	Exposición do Censo electoral definitivo
16- 28 de xaneiro	Prazo de presentación de candidaturas no Negociado de Asuntos Xerais até as 14 h do 28 de xaneiro
29 de xaneiro	Proclamación provisional das candidaturas
30 de xaneiro- 5 de febreiro	Prazo de presentación de reclamacións á proclamación provisional das candidaturas no Negociado de Asuntos Xerais até as 14 h do 5 de febreiro
6 de febreiro	Proclamación definitiva de candidaturas
7-17 de febreiro	Campaña electoral
18 de febreiro	Sesión extraordinaria: Votación para elixir decano/a no salón de actos da FFT ás 13 h -15 minutos de intervención de cada candidato/a - 15 minutos de preguntas a cada candidato/a - Votación nominal e secreta